

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CEIP de Galán ten entre os seus obxectivos o de promover a creación de textos literarios en idioma galego entre o alumnado do centro. Para acadar este obxectivo convócase o «VIII Concurso de Narracións Breves en Familia» no que poderá participar todo o alumnado do noso centro escolar de calquera dos seus niveis educativos, desde infantil a primaria.

———— BASES ————

1.- Os textos estarán escritos en lingua galega, cunha extensión máxima dun folio por unha soa cara e poderán ser presentados a man ou mecanografados.

2.- A autoría destes textos terá que ser compartida entre un alumno ou alumna do centro e outra persoa adulta do seu ámbito familiar, figurando ambos os seus nomes xunto ao texto presentado.

O texto pode vir acompañado dunha ilustración, na mesma folia ou en folia á parte, realizada polo alumno ou alumna e utilizando calquera tipo de técnica e material (ceras, témperas, acuarelas, rotuladores...)

3.- A temática das narracións será libre.

4.- O prazo de presentación de narracións remata o **venres, 8 de ABRIL de 2016**.

Os orixinais serán depositados no buzón amarelo situado no recibidor do colexio.

5.- Haberá catro primeiros premios, un por categoría:

INFANTIL: Lote de libros.

1.º CICLO: Lote de libros.

2.º CICLO: Lote de libros.

3.º CICLO: Lote de libros.

Todo o alumnado participante recibirá un agasallo e un diploma acreditativo.

6.- Os traballos deberán ser orixinais e quedarán en poder do CEIP de Galán para a súa publicación no número 34 da revista escolar **As Nosas Cousas**.

7.- O xurado estará composto polos compoñentes do Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CEIP de Galán, que dará a coñecer o seu fallo coincidindo cos actos conmemorativos do Día das Letras Galegas, o 17 de maio.

OS CATRO LOBOS

UXÍA VARELA E MÓNICA FRAGA
PARTICIPANTES. EDICIÓN 2015.
PRIMARIA


Había unha vez catro lobos que todas as noites entraban nos galiñeiros e comían as galiñas, ata que un bo día foron a Mos. Mos é a aldea onde atoparon as galiñas máis sabedoras de todas.

Noite tras noite atacaban os galiñeiros, ata que o granxeiro lles puxo unha trampa.

Ao día seguinte estaban atrapados e decidiu levalos ao veterinario.

Alí puxéronlle unha vacina para non comer galiñas. Despois o granxeiro quixo poñelos de gardiáns na súa granxa.

Nunca máis lle volveron facer dano!



DÍA das LETRAS GALEGAS

VIII CONCURSO NARRACIÓNS BREVES



**DATA LÍMITE
ENTREGA DE ORIXINAIS
8 DE ABRIL DE 2016**

**EQUIPO
DINAMIZACIÓN
LINGUA GALEGA**

CEIP de GALÁN

OSEIRO-ARTEIXO



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA